



17/20

GUÍA DE PROXECTOS



Grupo Desenvolvimento Rural
Costa da Morte

www.gdrcostadamorte.com

GUÍA DE PROXECTOS DO GDR

PROXECTOS LEADER FINACIADOS POLA ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE - GDR

Índice

7	INTRODUCCIÓN
9	CONVOCATORIA 2017-2018
25	CONVOCATORIA 2018-2019
41	CONVOCATORIA 2019-2020
55	PROXECTOS DE PROMOCIÓN E ANIMACIÓN
61	PROXECTOS PRODUTIVOS EN LISTA DE AGARDA POR FALTA DE FONDOS
63	RESULTADOS MEDIDA LEADER 2014-2020

GUÍA DE PROXECTOS DO GDR

O **Grupo de Desenvolvimento Rural Costa da Morte-GDR** é unha asociación sen ánimo de lucro que xestiona o ***Programa de Desenvolvimento Rural LEADER 2017-2020***, asesorando ós emprendedores e captando iniciativas no marco das axudas que promove este programa.

No eido das nosas accións divulgativas de interés xeral comprácenos presentarche esta **Guía de Proxectos** que recopila os proxectos aprobados e financiados polo programa LEADER, o seu carácter público e informativo reflicta con total transparencia todos os datos referentes a estes proxectos, e tamén ilustra e orienta a modo de exemplos **esperando que sexa de axuda para futuras iniciativas dos emprendedores.**



GDR

1

CONVOCATORIA
2017-2018

1CENTRO DE DÍA AURUM

Promotor_ Zascor Aurum, S.L. (Zas)



O proxecto consiste na creación e posta en marcha dun centro de día para maiores na localidade de Zas. Poderá acoller a 60 usuarios.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 138.527,69€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 50.424,08€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 5 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

2CAMPAMENTO DE TURISMO CORZÓN

Promotor_ Manuel Antonio París Blanco (Mazaricos)



Creación dun Campamento de turismo de segunda categoría en pleno Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía. Ofrecerá servizos ao aire libre con fins vacacionais, turísticos ou educativos, baixo a fórmula de aluguer de espazos, tendas ou bicicletas. Ademais organizará eventos e actividades como senderismo, rutas culturais, excursións, obradoiros de cociña,...



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 171.876,40€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 57.062,96€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 2 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

3 CREACIÓN CARPINTERÍA DE ALUMINIO E PVC

Promotor_ Dumbría Aluminio e PVC, S.L. (Cee)



Créase unha carpintería de aluminio e PVC para o cal constrúese unha nave no polígono de Cee. Hai unha zona empresarial de 476,82m2, con oficina ao público, zona de exposición, despachos, sala de reunións; e unha zona industrial de 1.117,76 m2 onde irá a fabricación, almacén de residuos, caldeira de biomasa,...



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 669.767,09€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 200.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 2 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 3 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

4 CREACIÓN DE CARPINTERÍA DE MADEIRA

Promotor_ Carpintería Hertay, S.L. (Carballo)



O promotor constrúe unha nave duns 920 m2 onde instala o taller de carpintería, unha zona de exposición e unha zona de oficinas e atención ao público.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 206.513,10€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 47.383,35€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 2 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

5

FABRICACIÓN SUSTRATO DE CULTIVO
A PARTIR DE RESIDUOSE PVC

Promotor_ Servicios Industriales y Ambientales Vimianzo (Vimianzo)



O proxecto consiste en facer as inversións necesarias para fabricar un abono ecolóxico a partires de produtos reciclados, utilizando e valorizando residuos forestais e as cunchas do mexillón.

6

CAMPAMENTO TURÍSTICO EN BRANDOÑAS

Promotor_ Estrella Busto Espasandín (Zas)



O proxecto consiste na creación dun campamento turístico. Hai zona de acampada, zona de carabanas, zona de ocio, barbacoa, etc; así mesmo hai bloques de aseos, recepción almacén/lavandería,... Hai unha capacidade total de 139 prazas (entre zona de acampada, prazas en bungalows e zona de carabanas).



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 80.404,55€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 24.442,98€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 6,26 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 199.386,18€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 67.791,30€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

7 CREACIÓN DE CENTRO WELLNES EN FISTERRA

Promotor_ Estévez Medín, S.L. (Fisterra)



O proxecto consiste na creación dun centro recreativo wellnes, dotado de Spa, Sauna, Baño Turco e Fitness e contará con servizo de masaxes.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 665.961,16€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 187.729,89€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 3 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 5,46 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

8 MODERNIZACIÓN DUNHA OFICINA DE ENXEÑARÍA E DIVERSIFICACIÓN Á ACTIVIDADE DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA CUNHA OFICINA MÓBIL

Promotor_ Álvaro Núñez Ferreiro (Zas)



O proxecto consiste en facer as inversións necesarias para crear unha oficina para a actividade de enxeñería. Equipará a oficina cun equipo informático e creará unha páxina web.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 13.409,58€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 4.237,43€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 07/09/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2017

9 RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN DE ALUMEADO DO CAMPO DE FÚTBOL E DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE “O CONCO-DUMBRÍA”

Promotor_ Concello de Dumbría



Descrición: O proxecto consiste na renovación do alumeado exterior do campo de fútbol e da cancha deportiva do pavillón municipal, co obxecto de lograr unha mellora da eficiencia enerxética, logrando un aforro de enerxía anual (66,06% no campo e 59,6% no pavillón) e unha diminución de CO2 de mais de 7 Tn.s.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 55.939,35€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 38.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 03/08/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2017

10 AULA GASTRONÓMICA DE MAZARICOS

Promotor_ Concello de Mazaricos



Vaise acondicionar un local e adquisición de maquinaria e mobiliario para facer unha aula-obradoiro, unha aula de formación teórica e unha sala de exposición/degustación. Na aula de prácticas vai haber 6 mesados para alumnos e 1 para o docente, e cada mesado levará unha placa vitrocerámica, un forno, un fregadeiro e unha zona de traballo. Na aula para a teórica haberá TV, tablets, taboeiro dixital, proxector,...



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 41.973,98€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 36.265,52€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 26/10/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2018

11

HOMOLOGACIÓN AULA

PARA CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE EN TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE

12

ÁREA RECREATIVA-DEPORTIVA

E PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA EN HERMEDESUXO DE ABAIXO-DUIO

Promotor_ Concello de Cabana de Bergantiños

Promotor_ Concello de Fisterra



Haberá que facer os investimentos precisos para a homologación dunha aula de carpintería e moble (Aula de formación, taller, oficinas e almacén). Vaise reformar e ampliar os locais e mercar a maquinaria precisa para poder homologar o taller para certificado de profesionalidade de nivel 1 e de nivel 2.



Fixéronse as actuacións necesarias para crear unha zona pavimentada para poder celebrar actividades tanto recreativas, como deportivas e ao mesmo tempo poder ter un espazo para que poida vir a unidade móvil de ITV de vehículos agrícolas 2 veces ao ano. Así mesmo instaláronse unhas mesas, bancos e taburetes de pedra e un xogo de canastras de baloncesto.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 39.623,28€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 31.540,13€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 26/10/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 42.350,00€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 18.464,60€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 26/10/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2017

13

MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DOS PARQUES PÚBLICOS “MAXIMINO CANEDO” E “O RECREO”

Promotor_ Concello de A Laracha



Descrición: Cámbianse as luminarias existentes por luminarias LED de alto rendemento para conseguir un aforro e eficiencia enerxética moi altos, xa que reduce o consumo (27.629 kwh/ano) e ademais hai unha diminución de emisión de CO2 (9,5 Tn).



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 37.873,00€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 28.631,98€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 26/10/2017
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018



GDR

2

CONVOCATORIA
2018-2019

1

CASA DE TURISMO RURAL EN CARNOTA

Promotor_ O Lar dos Vagalumes, S.L. (Carnota)



Descrición: O proxecto consiste na rehabilitación dunha antiga casa de aldea para a creación dun establecemento de turismo rural. A casa contará con 4 cartos dobres e unha suite na planta baixa que estará acondicionada para minusválidos. Todas as habitacións terán o seu propio cuarto de baño. Así mesmo acondicionarase toda a finca. O establecemento clasifícase como Casa de Aldea con 5 habitacións dobres (10 prazas de aloxamento)



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 381.271,50€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 135.732,65€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

2

COMERCIO RURAL “CASA XALLEIRO DE LAGO”

Promotor_ Lorena Moledo Cives (Mazaricos)



Descrición: O proxecto consiste na instalación e apertura dunha tenda “Comercio de Alimentación” ubicada nun emprazamento do Camiño de Santiago, no lugar de Lago, parroquia de Mazaricos. Acondicionarase unha antiga construción propiedade da familia antigamente adicadas a crianza de gando, garda e custodia de maquinaria agrícola. Enfócase o proxecto cara unha demanda de peregrinos da zona, así como para surtir de produtos de primeira necesidade aos habitantes da aldea.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 7.453,22€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 2.623,53€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

3

INSTALACIÓN CARPINTERÍA METÁLICA

Promotor_ Germán y Caamaño, S.L. (Vimianzo)



O proxecto consiste na creación dunha nova instalación para Taller de Carpintería Metálica no polígono industrial de Vimianzo, mediante a construción dunha nave industrial de 1.432 metros cadrados construídos que se destinará á instalación dun tren de lacado de pezas metálicas.



. Productivo/Non Productivo	> Productivo
. Orzamento Aceptado	> 474.654,30€
. Axuda Concedida	> 165.179,70€
. Data de Aprobación	> 17/09/2018
. Creación de Emprego	> 5 UTAs
. Consolidación de Emprego	> 19,41 UTAs
. Prazo de Execución	> 15/10/2019



. Productivo/Non Productivo	> Productivo
. Orzamento Aceptado	> 22.297,17€
. Axuda Concedida	> 7.402,66€
. Data de Aprobación	> 17/09/2018
. Creación de Emprego	> 1 UTA
. Consolidación de Emprego	> 1,04 UTAs
. Prazo de Execución	> 15/10/2019

4

MODIFICACIÓN DE FLITCHS DE MADEIRA PARA PEZAS DE ALTO VALOR ENGADIDO

Promotor_ Talendis Interesa, S.L. (Coristanco)



O proxecto consiste na creación dunha instalación de tratamento de madeira mediante biotecnoloxía e na instalación de elementos de manutención e manipulación da madeira; así como a elaboración dun manual de traballo e outro de inoculación e manexo de fungos. O principal obxectivo do proxecto é aumentar o valor engadido dos produtos procedentes da primeira transformación da madeira.

5

INSTALACIÓN DE CARPINTERÍA DE MADEIRA EN CARBALLO

Promotor_ Jocar Diseño, S.L. (Carballo)



Descripción: O proxecto consiste en construír unhas novas instalacións para albergar o taller produtivo da empresa, no polígono de Bértola (Carballo). Construírse unha nave onde instalarán o taller de fabricación de mobiliario, así como unha parte das oficinas da empresa e equiparase coa maquinaria necesaria para poder desenvolver a actividade.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 246.425,37€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 78.856,12€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 13,75 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

6

MELLORA EMPRESA DE VIDRIO

Promotor_ Grupo Vevey Vidrio, S.L. (Cee)



O proxecto consiste na construción dunha nova nave para a empresa situada no polígono industrial de Cee, dedicándoa a taller, oficina e exposición. Nesta nova nave instalarase unha ponte-grúa, así como a maquinaria que xa ten a empresa, á que se engade un centro de traballo CNC usado que adquiriu recentemente. Tamén se instalará unha estufa de pellets, e informatizarase o proceso produtivo. Os obxectivos principais son modernizar e facer máis competitiva a empresa.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 382.016,28€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 114.934,53€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 2 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 7,06 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

7

CLIMATIZACIÓN AUDITORIO E SALA DE REUNIÓN EN BAIO DESTINADAS A AULAS DE FORMACIÓN”

Promotor_ Concello de Zas



O proxecto ten como obxectivo a mellora das infraestruturas en 2 locais municipais, co obxecto de adaptalos para aulas de formación (cursos varios; actividades formativas como as programadas coa Universidade senior da Coruña; cursos para desempregados; formación non regrada, etc.). Os locais nos que se realiza a actuación son o auditorio de Baio, que se destinará fundamentalmente a formación para maiores de 55 anos e a sala de reunións, localizada tamén no núcleo de Baio, destinada ao público máis xoven, fundamentalmente menores de 30 anos. Os investimentos necesarios para a posta en marcha do proxecto son: a climatización das aulas mediante a instalación de bombas de calor e a renovación de aire, mediante a instalación de extractor e condutos para impulsión e/ou retorno de aire e accesorios.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 20.019,03€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 15.935,15€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 31/10/2018

8

RENOVACIÓN ILUMINACIÓN INTERIOR PARA A MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE BUÑO OLEIRO E TERRAS DE BERGANTIÑOS

Promotor_ Concello de Malpica de Bergantiños



O proxecto consiste na renovación da iluminación interior para a mellora da eficiencia enerxética do antigo Centro Comarcal de Bergantiños, para dedicalo a museo baixo a nova denominación “Centro de Interpretación do Buño Oleiro e das Terras de Bergantiños (CIBOTB)”, que pretende ser novamente un referente na comarca tratando de difundir a importancia cultural, histórica e etnográfica da tradición oleira e colaborar tanto na promoción da olería como na súa interpretación para mostrar os procesos de traballo dos oleiros e tamén a promoción dos recursos turísticos da Comarca de Bergantiños.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 43.051,87€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 33.236,04€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

9

MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE CORCUBIÓN

Promotor_ Concello de Corcubión



Co proxecto preténdese mellorar un valor patrimonial como o Conxunto Histórico Artístico de Corcubión, mellorar a eficiencia enerxética e a iluminación da zona cunhas instalacións mais pulcras e acordes co entorno. A actuación proposta por un lado mantén a estética e os sinais de identidade dos equipamentos e por outra aplica as mais modernas técnicas de iluminación LED, que permiten unha mellora da eficiencia enerxética, unha maior eficacia na iluminación de elementos singulares urbanos e unha valorización do Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio. Co novo tipo de iluminación poderanse destacar elementos singulares do C.H.A. de Corcubión como brasóns nobiliarios, patíns, arcos ou fachadas.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 36.300,00€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 27.878,40€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

10

CENTRO DE INVESTIGACIÓN, CAPACITACIÓN E PROMOCIÓN APÍCOLA (CICAPIS)

Promotor_ Asociación EFA Fonteboa (Coristanco)



O proxecto consiste na creación dun “Centro de Investigación, Capacitación e Promoción Apícola” coa finalidade de difundir, valorizar, capacitar e innovar na actividade apícola como fonte xeradora de riqueza económica, social e principalmente medioambiental. Os destinatarios principais serán: os mozos e os apicultores (que na súa maioría sobrepasan os 55 anos).



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 46.724,01€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 38.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

11

FORMACIÓN DUAL ACREDITADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Promotor_ ASPABER (Carballo)



O obxectivo xeral do proxecto é acreditar a formación para o emprego recibida polas persoas con discapacidade intelectual. Os obxectivos específicos son: 1) poñer en marcha unha innovadora oferta formativa adaptada ás persoas con discapacidade intelectual para que, por medio da formación dual, poidan adquirir os coñecementos e as competencias necesarias para desempeñar un posto de traballo determinado, e obteñan unha certificación; 2) adecuar as instalacións onde se impartirá a formación acreditada, mediante a reforma parcial dunhas dependencias do Centro Aspaber.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 103.125,00€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 33.978,18€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 17/09/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

12

PROXECTO DE MELLORAS TECNOLÓXICAS EN INDUSTRIA CÁRNICA

Promotor_ Productos Cárnicos Domínguez, S.L. (Vimianzo)



As inversións previstas enmárcanse dentro do proceso de modernización das instalacións, co fin de mellorar a produtividade da instalación, mellorar as condicións hixiénicas do produto e introducir melloras medio ambientais.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 30.000,00€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 9.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 10/10/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 25,44 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

13

ENCAIXAS

CREACIÓN DE NOVA AULA-ESPAZO EXPOSITIVO NO MUSEO DO ENCAIXE

Promotor_ Concello de Camariñas



O proxecto consiste na adecuación do actual espazo expositivo con mobiliario e iluminación adecuada para transformar este espazo en aula de encaixe ou espazo expositivo segundo a actividade a desenvolver. Ademais, refórmase o acceso para o cumprimento normativo de accesibilidade e mellórase as fachadas exteriores cun sistema de control solar, deseñado en relación coa imaxe do encaixe e vaise establecer unha imaxe de relación formal entre o edificio da Mostra de Encaixe e o Museo de Encaixe.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 53.482,77€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 38.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	> 10/10/2018
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

14

CREACIÓN – INSTALACIÓN DE PANADERÍA

Promotor_ Panadería O Sabio, S.L. (Cabana de Bergantiños)



O proxecto consiste na construción dunha nave no lugar do Brnllo, no concello de Cabana de Bergantiños na que se instalan un obrador de panadería e pastelería así como unha pequena sala museo cun muiño antigo de panadería. Equiparase con cámaras de conservación e maquinaria moderna para automatizar ó máximo o proceso produtivo.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 270.654,37€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 79.572,38€ (17.587,95€ en firme e 61.984,43€ en reserva)
. <i>Data de Aprobación</i>	> 19/07/2019
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0,5 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 12,66 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019



GDR3

CONVOCATORIA
2019-2020

1

REFORMA DA PLANTA BAIXA DA ESCOLA UNITÁRIA
DESTINADA A LOCAL PARA CURSOS DE FORMACIÓN
EN SAN CREMENZO DE PAZOS

Promotor_ Concello de Zas



O obxectivo do proxecto é a adecuación da pranta baixa da escola, renovándoa íntegramente para poder adaptala ao novo uso que será unha aula de formación e reunión para os veciños desta parroquia. Con este proxecto preténdese aglutinar arredor da casa da escola todo un proxecto de formación, coñecemento e desenvolvemento cultural e social destinados a distintos públicos.

2

ACONDICIONAMENTO
PARA CENTRO SOCIOFORMATIVO DE REBOREDO

Promotor_ Concello de Vimianzo



O proxecto consiste no acondicionamento do edificio principal e alpendre anexo á antiga escola de Reboredo, incluído na mesma parcela, co acceso independente ao resto da edificación dende o patio interior existente. Este espazo vaise empregar como aula formativa onde se dean cursos de cociña e charlas culinarias e de produtos tradicionais da zona. Vaise por en valor ademais o patrimonio local. Usaranse materiais nobres como a pedra e as carpinterías de madeira de roble e equiparase co mobiliario e equipos necesarios para desenvolver a actividade.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 13.604,39€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 11.101,18€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 43.089,35€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 34.643,84€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2020

3

MELLORA AMBIENTAL
NO CAMPO DE FUTBOL DE LARIÑO

Promotor_ Concello de Carnota

O proxecto consiste nun investimento de interese público, nun campo de fútbol completamente abandonado, corrixindo o impacto ambiental que producen as instalacións neste tramo de costa. Para elo creárase un espazo para aparcadoiro de autocaravanas (ordenado conforme á normativa vixente) para intentar resolver un dos graves problemas que padece este concello durante todo o ano ante a sistemática concurrencia de autocaravanas. Adecuarase unha zona de 610 m2 para 11 prazas de aparcamento. Ademais dotarase a zona con 17 bancos, plantación de 22 árbores e colocación de 120 metros de varanda de madeira e mellorarase o pavimento do vial de acceso. Por outra parte, preténdese a instalación de 2 pistas de pádel de 20x10 m2 e adecuaranse os noiros e a explanada existentes con revexetación e perfilado dos mesmos e formación de sendeiros.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 238.602,75€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 38.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2020

4

SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO

Promotor_ Asociación ÍNTEGRO
das persoas con diversidade funcional da Costa da Morte (Cabana)

O proxecto consiste na adquisición dun vehículo - furgón, adaptado para transportar persoas con diversidade funcional. O vehículo será de 9 prazas e irá preparado para dúas cadeiras de rodas, plataforma elevadora, ... Con este vehículo proporcionaráselle un servizo de transporte adaptado ás persoas con diversidade funcional (discapacidade) residentes na Costa da Morte, para facilitar a súa participación social e a promoción da súa autonomía persoal.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 42.821,90€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 36.655,55€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

5

O BRANDOMIL ROMANO E O CAMIÑO DE SANTIAGO A MUXÍA

Promotor_ Fundación Brandomil (Zas)



O proxecto consiste en por en valor o patrimonio romano de Brandomil, un dos obxectivos principais da Fundación, así como a difusión e colaboración na conservación do mesmo. As actuacións a realizar son: creación dunha web, rodaxe e realización dun documental e tradución ao inglés do libro “Camiño de Santiago a Muxía por Brandomil”.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Non Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 15.702,50€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 7.411,58€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0,00 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0,00 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

6

CREACIÓN DE FÁBRICA DE CERVEXA ARTESANAL EN FORNELOS

Promotor_ Hostelvím, S.L. (Zas)



O proxecto consiste na creación dunha fábrica de cervexa artesanal no lugar de Fornelos, concello de Zas. Vaise rehabilitar unha casa que teñen en propiedade, para facer unha zona de fabricación e outra zona de degustación do produto que fabrican. As inversións serán de obra civil e maquinaria necesaria para por en funcionamento o proxecto.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 226.012,00€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 86.788,61€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 3,41 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2020

7

CREACIÓN DE PENSIÓN DE 3 ESTRELAS EM DUMBRÍA

Promotor_ Elena Dosinda Maceiras Lago (Dumbría)



O proxecto consiste na creación dunha nova pensión de 3 estrelas no lugar de Castro (Dumbría). Pretenden rehabilitar unha vivenda antiga propiedade da promotora e crearanse 6 habitacións dobles. A inversión consistirá en realizar a obra civil e mercar o mobiliario e equipamento necesarios para a actividade, así como a creación dunha web e a adquisición dun programa de Xestión.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 263.622,80€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 89.368,13€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0,25 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

8

INSTALACIÓN FÁBRICA DE PINTURAS E PRODUTOS QUÍMICOS

Promotor_ Vtecquim Solutions, S.A. (Carballo)



O proxecto consiste na creación dunha nova instalación para fábrica de produtos químicos e pinturas, no polígono de Bértoa. A inversión consiste na compra da parcela, realizar unha nave e incorporar unha serie de maquinaria para poder realizar a actividade.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 536.718,44€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 125.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 3 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 2,76 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

9 ELABORACIÓN DE IOGUR ARTESANAL

Promotor_ Granxa Moreira, S.C. (Muxía)



O proxecto consiste en elaborar iogur artesanal a partir do leite fresco producido polas súas vacas e desa forma diversificar a produción de leite fresco con un produto elaborado como é o iogur artesanal. Para levar a cabo o proxecto necesitan unha liña de elaboración de iogur, que consiste en incorporar un lactofermentador para a fabricación de iogur.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 25.810,00€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 8.568,92€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0,00 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 1 UTA
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

10 CAMPAMENTO TURÍSTICO DE BUNGALOWS EN LAXE

Promotor_ Carmen Pose Blanco (Laxe)



O proxecto consiste na creación dun campamento turístico de luxo en A Torre, nunha superficie de parcela de 1,925,00m2. Vanse implantar 3 bungalows para os clientes e 1 para recepción e servizos. Cada bungalow terá dous cuartos dobres e unha terraza, así como cociña-salón-comedor, 1 jacuzzi e 1 aseo.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 223.150,74€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 74.086,05€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 0,00 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 3,44 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2019

11

PENSIÓN DE 3 ESTRELAS EN FISTERRA

Promotor_ María Pilar Pérez Castro (Fisterra)



O proxecto consiste na ampliación dunha pensión dunha estrela e aumentar de categoría pasando a 3 estrelas. Coa ampliación pasarase dunha planta a 4 plantas e de 7 habitacións a 24 habitacións. A inversión consiste en realizar a obra civil e mercar o mobiliario necesarios para ampliar e converter unha pensión de 1 estrela en unha de 3 estrelas.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 433.275,04€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 125.000,00€
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 1,5 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 2,64 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2020

12

IMPLANTACIÓN DE CAMPAMENTO TURÍSTICO – “O ARUME”

Promotor_ Silvia Silva Andrade (Laxe)



O proxecto consiste na creación dun campamento turístico de segunda categoría en Salgueirón – Serantes (Laxe). Vanse instalar 6 cabanas de madeira para os clientes, 5 elevadas e 1 a nivel do chan accesible para persoas con mobilidade reducida, e outra construción tamén de madeira que albergará a recepción, o servicio de lavandería e unha estancia para dar información aos hóspedes. Cada unha das 6 cabanas terá: zona estar-cociña, 1 habitación, 1 baño e un porche exterior e a cabana de recepción terá: recepción, sala de proxección, lavandería e cuarto de bicicletas.



. <i>Produtivo/Non Produtivo</i>	> Produtivo
. <i>Orzamento Aceptado</i>	> 275.766,92€
. <i>Axuda Concedida</i>	> 84.936,21€ (45.825,19 € en firme e 39.111,02 € en reserva)
. <i>Data de Aprobación</i>	>
. <i>Creación de Emprego</i>	> 2,00 UTAs
. <i>Consolidación de Emprego</i>	> 0,00 UTAs
. <i>Prazo de Execución</i>	> 15/10/2020



PROXECTOS
DE PROMOCIÓN
E ANIMACIÓN
2017-2020

Promotor_
Asociación Costa da Morte-GDR

1

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN DE AXUDAS LEADER E DE PROMOCIÓN TERRITORIAL ANO 2017



Campaña de marketing enfocada á promoción e posta en valor do novo territorio GDR-Costa da Morte e a difusión das axudas Leader. A campaña engloba dúas vías de acción: 1. Promoción do programa de axudas e 2. Promoción do territorio. Con soportes Off Line (Radio, Prensa, Trípticos, Carteis, Mapa-Guía) e soportes On Line (Web-site, Vídeo-Spot- You Tube, Instagram).

Orzamento Aceptado	> 35.650,84 €
Axuda Concedida	> 35.650,84 €

3

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN DE AXUDAS LEADER E DE PROMOCIÓN TERRITORIAL ANO 2018



Campaña enfocada á promoción e posta en valor do territorio GDR-Costa da Morte e a difusión das axudas Leader. A campaña engloba dúas vías de acción: 1. Promoción do programa de axudas e 2. Promoción do territorio e dos seus recursos. Con soportes Off Line (Radio, Prensa escrita, Mapa e Desplegable de Feiras e Eventos en español, inglés e francés) e soportes On Line (Prensa Dixital e Web-Site).

Orzamento Aceptado	> 24.714,52 €
Axuda Concedida	> 24.714,52 €

2

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN DOS SERVIZOS, DOS RECURSOS E FIDELIZACIÓN DO TERRITORIO COSTA DA MORTE



Campaña de difusión promocional dos recursos do territorio e dos servizos prestados do GDR Costa da Morte. Con soportes Off Line e On Line: Desplegable-Feiras e Eventos, audiovisuais, calendario e felicitación 2018 e USB-Informativos.

Orzamento Aceptado	> 27.327,95 €
Axuda Concedida	> 27.327,95 €

4

CREACIÓN DUNHA MARCA DE CALIDADE DO TERRITORIO COSTA DA MORTE



Creación dunha Marca de Calidade do Territorio Costa da Morte. Os investimentos son todos os necesarios para crear e rexistrar a marca: 1. Construción da identidade e o deseño de marca, 2. Adhesión e desenvolvemento, 3 Regulamentación da Marca e Rexistro da Marca a nivel nacional e europeo. Os destinatarios son as empresas do territorio que abarca a Asociación Costa da Morte-GDR.

Orzamento Aceptado	> 27.327,95 €
Axuda Concedida	> 27.327,95 €

5

XORNADAS SOBRE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL NA COSTA DA MORTE

Fixéronse unhas xornadas no territorio do GDR Costa da Morte enfocadas ao desenvolvemento territorial e o emprego que se pode xerar. Realizáronse catro xornadas tratando de por en valor os recursos e oportunidades que hai no territorio, para iso cada unha das xornadas foi sobre un recurso diferente: - Producción Agro-gandeira, - Aproveitamento do Monte, - O Turismo e - Patrimonio Natural e Cultural.

Orzamento Aceptado	> 10.555,43 €
Axuda Concedida	> 10.555,43 €

6

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN DE AXUDAS LEADER E DE VALORIZACIÓN DE RECURSOS ANO 2019

Campaña enfocada á promoción e posta en valor do territorio GDR-Costa da Morte e a difusión das axudas Leader. A campaña engloba dúas vías de acción: 1. Promoción do programa de axudas e 2. Promoción do territorio e dos seus recursos. Con soportes Off Line (Radio, Prensa escrita, Mapa e Desplegable de Feiras e Eventos en español, inglés e francés) e soportes On Line (Prensa Dixital e Web-Site).

Orzamento Aceptado	> 12.351,08 €
Axuda Concedida	> 12.351,08 €

7

DINAMIZACIÓN E DIVULGACIÓN DA MARCA “COSTA DA MORTE TERRA ATLÁNTICA”

O proxecto consiste en realizar os traballos, actuacións e inversións necesarias para dinamizar, divulgar e poñer en marcha a marca Costa da Morte Terra Atlántica. Os destinatarios principais son as empresas do territorio que abarca a Asociación Costa da Morte-GDR.

- | | |
|--|--------------------------------|
| 1. Plan de Dinamización: | 2. Plan de Comunicación |
| > Evento de presentación | > Accións de Marketing Offline |
| > Xornadas informativas e divulgativas | > Accións de Marketing Online |
| > Servizo de apoio e asesoramento | > Monitorización do proceso |
| > Xestión e coordinación do proxecto | |

Orzamento Aceptado	> 30.552,50 €
Axuda Concedida	> 30.552,50 €

8

DINAMIZACIÓN E DIVULGACIÓN DA MARCA “COSTA DA MORTE TERRA ATLÁNTICA”

Creación dunha Marca de Calidade do Territorio Costa da Morte. Os investimentos son todos os necesarios para crear e rexistrar a marca: 1. Construción da identidade e o deseño de marca, 2. Adhesión e desenvolvemento, 3 Regulamentación da Marca e Rexistro da Marca a nivel nacional e europeo. Os destinatarios son as empresas do territorio que abarca a Asociación Costa da Morte-GDR.

Orzamento Aceptado	> 27.327,95 €
Axuda Concedida	> 27.327,95 €



PROXECTOS PRODUTIVOS EN LISTA DE AGARDA POR FALTA DE FONDOS

Asociación Costa da Morte - GDR

A continuación vamos por un cadro cos proxectos produtivos que quedaron en lista de agarda (non poñendo xa os da convocatoria de 2017-2018 pois xa volveron a concorrer na convocatoria 2018-2019).

Convocatoria	Nº Prox	Inversión Aceptada	Subvención
2018-2019	12	1.702.335,70 €	472.417,30 €
2019-2020	11	2.119.000,40 €	620.172,63 €
Total	23	3.821.336,10 €	1.092.589,90 €

Empregos Creados/Comprometidos	18,00 UTAs
Empregos Consolidados	133,06 UTAs

➤ RESULTADOS MEDIDA LEADER 2014-2020

Asociación Costa da Morte - GDR

Así mesmo hai 23 proxectos en lista de agarda, por falta de fondos, que supoñen unha inversión de 3.821.336,10€ e que poderían acadar unha axuda de 1.092.589,90€, sempre e cando tivésemos mais fondos dispoñibles. Con estes proxectos consolidaríanse 133,06 empregos e crearíanse 18 novos empregos.

Resultados Acumulados das 3 convocatorias (2017-2018 + 2018-2019 + 2019-2020)

A Asociación Costa da Morte-GDR, que abarca 17 concellos (Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas), ten un orzamento de 3.395.533,87€ para este programa e un equipo técnico de 3 persoas para atender ás dúas oficinas (Buño e Vimianzo). Empezouse no 2017 e ata agora xa houbo 3 convocatorias de axudas: 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020.

- > Aprobáronse en firme e están certificados ou en execución 50 expedientes cunha inversión que supera os 7.877.742 €
- > A subvención concedida a estes proxectos ascendeu a 2.866.143,92 €
- > Consolidáronse 110,33 empregos e creáronse 42,75 novos empregos
- > Os proxectos Non Produtivos recibiron axuda por importe de 483.460,28€ (un 21,14%) e os produtivos 1.803.746,91€ (un 78,86%)

O nivel de execución dos 2 anos xa cerrados (2017 e 2018) foi o seguinte: 2017 (94,45%) e 2018 (88,26%), co que o nivel medio de execución nestes 2 primeiros anos foi do 91,23%.

Tipo Proxecto	Nº Prox	Inversión Aceptada	Subvención	Media
Produtivos	23	6.394.522,11 €	1.803.746,91€	78,86%
Non Produt. Concellos	12	695.909,84 €	367.414,97€	16,07%
Non Produt. Asociacións	4	208.373,41 €	116.045,31€	5,07%
Total Submedida 19.2	39	7.298.805,36 €	2.287.207,19€	100,00%
G.F. + Promoc. (19.4)	11	578.936,73 €	578.936,73€	
Total	50	7.877.742,09 €	2.866.143,92 €	

Empregos Creados/Comprometidos	42,75 UTAs
Empregos Consolidados	110,33 UTAs

GDR Grupo Desenvolvemento Rural
Costa da Morte

+ info | 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural